



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

**MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO
REPERTORIO**

CURSOS 3º e 4º

INTRODUCCIÓN

Estudo diacrónico dos rasgos estilísticos e criterios interpretativos, das diferentes épocas e autores, en relación co repertorio da familia dos saxofóns

A materia estará orientada o coñecemento da linguaxe das diversas composicións para saxofóns, ao longo dos distintos períodos da historia do instrumento.

A principal finalidade é a de proporcionar unha comprensión máis profunda da linguaxe utilizada nas pezas escritas para saxofón, aprendendo a recoñecer os estilos e as épocas a partir da análise da partitura, que permita lograr unha interpretación coherente ao estilo e a intención dos compositores

A materia constará de clases prácticas e teóricas, nas que se analizarán algunhas das obras representativas do repertorio para saxofón.

OBXECTIVOS

- Recoñecer as convencións interpretativas inherentes a cada estilo, tanto na partitura escrita como na escoita da mesma.
- Adquirir o hábito de escoitar e ler música do repertorio para profundizar na interpretación do mesmo.
- Coñecer as características da linguaxe musical e do estilo propio de cada época e valorar a relación directa coas posibilidades acústicas dos instrumentos pertencentes as mesmas (tonalidade, interválica, tipos de articulación, acentuación, ornamentación e uso das dinámicas) etc.
- Realizar comentarios críticos a partir da audición ou da análise das obras propostas no curso.
- Realizar traballos prácticos sobre algún aspecto determinado dos contidos da materia, ven sexan individuais ou en grupo.
- Mostrar interese polos eventos e acontecementos en torno ao mundo do saxofón e a súa literatura nos diferentes estilos: asistencia a cursos, charlas, concertos, conferencias, encontros....



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

**MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO
REPERTORIO**

CONTIDOS

- Análise e interpretación do repertorio.
- Coñecemento das convencións interpretativas de cada época.
- Coñecemento do repertorio solista, de cámara , orquestral, e nas diferentes combinacións ao longo da historia do instrumento.
- Planificación e realización de comentarios e traballos prácticos de aproximación histórica.
- Lectura e comentario de textos relacionados co saxofón.
- Estudio e posta en práctica das instrucións recollidas nos métodos para a ensinanza do saxofón, dende o comezo ata a actualidade.
- Audicións comparadas das obras máis importantes do repertorio saxofonístico dos séculos XIX, XX e XXI, interpretadas con saxofóns da época e actuais.
- Lectura e comentario de textos relacionados coa literatura para saxofón (autobiografías, artigos etc.).
- Emprego de novas tecnoloxías da información

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñecer a linguaxe compositiva da literatura para saxofón; Características da linguaxe instrumental da familia dos saxofóns, nas distintas épocas estudadas.
- Demostrar coñecemento da linguaxe compositiva utilizada nos diferentes textos musicais para saxofóns.
- Recoñecer na partitura e auditivamente as características relevantes do estilo das obras programadas
- Analizar e interpretar obras pertencentes a distintos estilos i épocas.



DEPARTAMENTO DE VENTO MADEIRA

ESPECIALIDADE SAXOFÓN

MATERIA: EVOLUCIÓN ESTILÍSTICA DO REPERTORIO

RECURSOS

- Reproductores de: CD, DVD, VHS, Ordenador con acceso a internet material habitual nunha aula de música e partituras de tódolos estilos a traballar.
- Gravacións históricas de diversas formacións saxofonísticas, diversos estilos e épocas, vídeos ou DVD relacionados cos contidos do curso.
- A bibliografía a empregar, será a que o profesor que imparta esta materia estime máis correcta (métodos, obras etc.).

TEMPORALIZACIÓN:

3º CURSO:

- **1º CUATRIMESTRE:** Período de 1844-1970
- **2º CUATRIMESTRE:** Período de 1970 ata a actualidade

4º CURSO:

- **1º CUATRIMESTRE:** O jazz e as música populares e de variedades
- **2º CUATRIMESTRE:** O saxofón na actualidade

PROBAS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE PARA A CALIFICACIÓN:

- Análise de partituras ou fragmentos destas: 30%
- Proba escrita: 30%
- Presentación dun traballo (valorarase na presentación o emprego das novas tecnoloxías e arixinalidade do contido e presentación, ademais especialmente o interese documental e de investigación por parte do alumando): 40%

CONVOCATORIA DE SETEMBRO:

- Análise de partituras ou fragmentos destas: 30%
- Proba escrita: 30%
- Presentación dun traballo (valorarase na presentación o emprego das novas tecnoloxías e arixinalidade do contido e presentación, ademais especialmente o interese documental e de investigación por parte do alumando): 40%